

VÁZQUES PINTOR: UN FALO RESISTENTE DE ARROLAR DOCE... (QUE NOS ESPERTA...)

*E velaí a túa man a ir de corazón
Pintor de Quián...
e tan enorme.*

*Ai...! e que ben sabemos nós
o mirado que es connosco...
a tanto de tanto...*

*Que así es meu...! e sempre...!
Que ti refrescas proclamando...
A tribu sabe...!*

*E así sempre ghichiño...
Así ti sempre...
A lume de biqueira...!*

I. A XEITO DE INTRODUCCIÓN

Contan que en Bucarest (como en Compostela, Beade, Ribadavia, Pontevedra, Gres...) hai un “MUSEO DA ALDEA”. Alí evócanse tempos nos que os labregos producían a súa mantenza..., os seus alimentos, e asemade móstranse de maneira moi documentada, a memoria indo a voz e a paso libre, os trebellos precisos para o traballo de todos os días. ***“In vivo e non in vitro”***.

Por aqueles tempos os artesáns (en obra e palabra, canto e recitados) ocupaban o lugar dos artistas. A comunidade, a aldea ou o pobo, sostiñan aos seus.

Logo...chegou o mercado das artes. A cultura gobernada. E tecíase (técese) outra historia.

- Segue...- preguntamos - ... a ser a aldea un medio de creación e de distribución de bens culturais? Pode democratizalos?...Hai unha especulación que priva o valor de cambio fronte ao valor de uso?

- A manipulación política...silencia moitas expresións da creación popular?... Coloca silencio...ou ben cortinas ruidosas de fanfarrias entre o autor e o seu pobo...?

Velaí, opinamos nós, como desas cousas coma as anteditas, trebellos e traballos, mantenzas e costumes, tradicións e en moitas outras máis... se inspiraron... Laxeiro, Virxilio, Lamazares, Virxilio, Souto, Picallo, Paco

Lareo, etc., e outro tanto tamén así tantas escritoras e tantos escritores nosos que non fixeron – fan - máis que expresar literariamente tanta vida desde distintas formas, xéneros e matices, pero sobre todo desde o substantivo que nos acolle – patria común de orixe e identidade - de marabillosa substancia : O POBO (A ALDEA) DO GALEGO.

Xa que logo do dito, rógolles que lean e xulguen por se debemos celebrar a gusto inmedíbel que nos tempos que corren nos queden rarezas de tan boas lindezas, de salientable campar, de homes e mulleres tan coidadores solidarios, primorosos, de universos afectivos, a plena lucidez na acción de comunicaren en clave popular (mesmo na obriga que se impoñen de devolver nas súas obras sobre todo idioma arriquecido de alí de onde o pillaron, o pobo, e tamén de onde o mamaron e que agora o posúen eles mesmos moi interiorizado a cantar de significados claros, cristaíños, puramente dispostos para expresar a calquera orde e nivel).

Destes homes e mulleres nós debemos gustar e por eles, neles, sentir pobo (claramente neste caso o noso, o do galego). Elas e eles (e repetímolo) lamentablemente son rarezas. Rarezas sobre todo a contido de cualidades éticas tales como as de como ser e traballar – e militar - nunha das ciencias fundamentais que se nos demandan en Galiza e que non moitos lle manteñen lealdades en facer de responsabilidades: A CIENCIA DOS DEBERES.

E velaí pois xa que logo... e polo mesmo... estamos a falar de homes e mulleres da tribu (dos que discrepan e mesmo aos que logo por iso... se criminalizan, pois unha historia de amores non sempre dá nunha historia de amor e no dicir de Friedman, non hai tanto xantar gratis, nin tapeo, nin tanta barra libre, pero con todo, guste ou non, eles e elas exemplifican que no armar ideolóxico tan necesario - ao viso do noso pobo – ***hai que seguir teimosamente mantendo a esperanza***, cos ollos postos na liberación absoluta, como así se distingue no dicir do poeta palestino recén finado, Mahmud Darwix).

Mantendo a esperanza, así mesmo... a esperanza...manténdoa... (***co mundo na reflexión***) o que nos debese levar a planos de emocións e responsabilidades – a sentir de afectos – na realidade transcendental e posibilitándonos realizacións satisfactorias (aínda que non son moi doadas de acadar) de todo tipo.

Destes homes e mulleres que falo... (de grande extensión intelectual) constitúen a enerxía sostíbel para daren pulos de valía á nosa resistencia cultural (***e recordar aquí pois a nivel paradigmático o chamo aque... el tan vixente... de Lluís Llach cando o cantar “ A estaca”, estaca... á que estabamos atados, que apodrecía... e que había que tumbala para nos liberar dela...e non foi tanta a liberación...non foi tanta...como que aquí, din algúns, non pasou nada..., aínda, dicimos nós... non estamos nese lugar que poidamos recoñecer certamente...que se pronuncia...)***

II. PARA COMEZO

E ben... así para comezo velaí vai un algo a falo. A falo dun deses homes anteditos... exemplares. Un dos nosos traballadores a pé de obra (proletario tanto a seco como a mantido, sempre á conta do seu peto) que apura memorias, con palabras que din algo sempre, militante na CIENCIA DOS DEBERES, o cal marcando territorio...nunca perdeu o contacto co seu (noso) chan. Falo dun dos nosos , sen nugalla mental, que activa cerebro e corazón, emocións pois, e así el sempre tivo a constancia comprensiva da súa talla ao alto e ao alto tamén en calquera outra dimensión. Un dos nosos que fai uso ao dereito (e ao deber) da marabilla da sensibilidade súa e da intelixencia... como medio de creación. Un pois , mozo de terra que non está quieto, que non lle teme ao brado das palabras, que a beber de manancial de auga fresca en Quián da Golada, a senitr a musicalidade das ondas polo Morrazo (lease con seseo) ... así soña Galiza enteira para festexar o mundo.

E digo así, advirto, pois a cousa non está para fachendas superficiais e os que din que están de volta de todo vai ser que ao mellor... nunca foron a ningún sitio... xa que como di o poeta:

“ SOMOS AUGA,
PERO AÍNDA...
MORREMOS DE SEDE...”

Pois...

“ SE DEIXAMOS...
QUE SEXAN OUTROS...
QUEN CANTEN ...
OLVIDAREMOS...
O MÁIS PREZADO,
O QUE SABÍAN...
OS NOSOS VELLAS
E POR ISO...
OBRIGATORIAMENTE...
POR DEBER...
TEMOS QUE SEGUIR CANTANDO
POR NÓS MESMOS...
POR NÓS MESMOS...
COMA SEMPRE ASÍ CANTOU...
O NOSO POBO...
POR NÓS MESMOS...”

Pois ben...velaí falo dun que poeticamente e en especial na rebeldía, na lea , no amor, no desafío...e na enorme sensibilidade da súa identidade determinada, nos mira e así tamén o fai ao mundo...e desas así... escribe, expresa...comunica... e hai que velo como gusta de crear espazos de encontro, sentindo, facendo, soñando, amando, SENDO, na eira grande do seu (e noso) pobo, a dos irmáns na tribu (a que sabe) , e así demostra co que fai... que os nomes de por si mesmos, en frío de significantes ...non substitúen as experiencias, non fan lugar ao morno no que se quedar.

Fálolles pois...de Xosé Vázquez Pintor. Un mociño randa (non malo) futbolero da man de súa nai e de seu pai (a salvo este no seu día...o do xabarín da noite) que lle ensinou ao mociño os barcos e o mar do Orzán. Un mociño randa (non malo) futbolero tamén a paso de estudo pola Coruña popular, a auténtica. A Coruña auténtica, a nosa sempre, que nos ven de Manuel Murguía e de Rosalía, de don Eladio Rodríguez González, dos irmáns Villar Ponte, da Asemblea de Lugo e de Lugrís, da primeira vida de Anxel Casal, das Irmandades da Fala, da RAG, do eterno quedo para sempre de Curros posto en pedra na campa sagra e tamén a mans de Asorey figurado na praza da cidade ao cerca dos xardíns a flores sen “L” ningunha. A Coruña de Pancho Pillado, Manuel Lourenzo, Pilar García Negro, Luisa Villalta, Pilar Pallarés e rantas máis e tantos.

E así digo A Coruña real e verdadeira, liberal, republicana, nacionalista,democrática, galega, a de tantas e tantos ... que non é A CORUÑA pailana (*a pacoteravázquez*). Esa que queren – ou que lles gustaría a triunfo imperial e colonial - os que sen poñérense colorados (sen vergoña algunha) din que ***“la ciudad vive hoy a hablar impuesto ” en estado de excepción, con falta de cordialidad”*** porque a cidadanía maioritariamente non aplica o “L” colonial ao seu chamo original. propio, matrio e patrio, A CORUÑA e polo tanto...

– ***Que aberración...! - din eses como a padecer maldade plena- Que imposición...! Que mira “ tu”...tener que pronunciar...A CORUÑA... A...A...***

E seguen:

- ***Onde “ se vio” tal...!***

E seguen coa teima:

- ***Que asunto “ poco fino”...!***

Así poñen a comento acedo de falar “ como por alentar...”.

- *Y ahora tener que hablar un aldeano “indígena”...! – alentan.*

E claro... miren e pregúntense:

- *E eles que son...?*

- *E de donde veñen...?*

- *Ai meus pobriños...!*

- *Que si... que sempre han ter un anxo que os acubille!* - dirían miñas avoas Isaura ou Delfina,,,

E nós dicimos:

- *Oxalá agora e destas...xustamente nese “ estado de excepción”... por fin se dese a derradeira pinga de tempo... a de tanto mal de linguas na fermosa cidade da Coruña...Esa cidade a mar limpo e chea de xente de mirar a gusto... Oxalá...*

E volvendo ao noso protagonista, a Xosé Vázquez Pintor , cidadán de Quián da Agolada e do Morrazo, aporfillado de Varela Buxán (pai do teatro galego de quen celebramos século de memoria), pois ben, de Pintor, pódese dicir sen lugar a erro que é un amoroso do seu e dos seus, tamén de nós. Unha mirada sensíbel a exercicio de pensamentos nobres e a golpes de sentimentos, que fala do que debe... fóra de trifulcas innecesarias, baleiras e parvas. El é un mestre (profesor):

- “ *Un nacho (ghicho de bo porte) ..ao que non é doado gañarlle o pulso (freba pura) e moi especialmente cando o pulso éo das razóns e o das ideas”.*

Velaí pois un escritor obreiro, traballador, que estarrica o lombo, disposto para poñerse ao que se propón con formalidade. Un home feito... e pleno... fóra de exhibicionismos e vedetariatos. Un militante responsábel no (seu e noso) idioma nacional , o do pobo do galego, o galego. O idioma noso de plena identidade e cordial con quen o mereza (con quen nos respecte e recoñeza) e non outro idioma... que sendo respectable por ser expresión dun (doutro) pobo... nunca será o noso (***de dentro***, como din Mini e Mero da Quenlla) a por de moitas utilidades que posúa, e

cordialidadesque nos permita. Por moito que nos anuncie e que nos brinde existencia en prata de ouro (sempre a toda luz de efectos especiais).

E así é el, Pintor, auténtico, a verdade limpa e voadora, sen que ninguén se crea (nin pense) que botamos por fóra, espaxando polas boas e ao chou... bolas de nada a arrecendos de incenso como a golpe de foguetería...Non...

Falamos a sentir e indo a paso de andadura rexa, irreversible...para expresar claramente que Pintor (o noso amigo) é :

“Un rebelde talentoso que nada busca nas falsas intuicións. Un apañador e conservador de moito... a corazón latexante acugulado de emocións e experiencias . El non equivoca ás palabras.. nin tampouco as engana...”

III. O ESCRITOR

Pintor é un escritor esencial. Un escritor de terra a mar e de mar a terra. Un escritor de Galiza para pensar. El presencia así nesa paisaxe sempre posta a viso fermoso chea de tantos ceos vestidos de bo campo , anque chova ou ventee, e sen que niso nada sobre, nin que tampouco falte. Diremos pois que Pintor , referidos á actitude de construción literaria, el sempre media converxencias e abofé que integra... e non dispersa.Trata de repartir ben.

Tamén, crémolos necesario para entender ao creador literario, o noso de Quián e do Morrazo, é mestre galego e xa que logo sempre foi sabedor das sumas de soidades das aulas e por iso na palabra do noso idioma nacional fixo circular a fala xa que tiña claro que non bastaba escoitar e calar. Nesa percepción sabía buscou a compañía, a relación, a interacción, o comunicar, o tecer en común de texto e vida. Luz e alegría na súa función de ensinar con exemplariedade e así , asemade, aprendía (e aprende) el tamén. Cre no dereito á palabra e gusta do goce de compartila e así foi negociando con prudencia e realismo (non con medo) como compartir comprensivamente os actos da fala en lingua nosa intensamente. O grupo como comunidade de Lingua e Literatura de Cultura para Lectura.

Pintor – a ser pausado, aldeán e mariñeiro, esperto e vivo polo que o motiva- con tempo suficiente para o seu labor e responsabilidades amance mozo sempre. El bota ben as nasas e colle primorosamente as flores de mimosa e con peito franco, nobremente, turra dos seus e de nós. Nese andar de seguido fai paro e toma respiro...Reflexiona para coller andar e traxecto. Trata de abrir os ollos e ver. El non é un xordo que lle fala a

mudos. Non cala o que necesita dicir e moi salientablemente cando a corazón latexante sente fondamente a seca global da nosa paisaxe popular, o chan a irse a ermo, mortos os puntos de concurrencias e as casas baleiras, necesitadas de arrimo e mornura.

- Eu non fixen este remate...! - exclama.

E exclama así porque Pintor...

*Ti...
e NÓS...
compartimos xuntos
moito máis do que outros pensan.*

*NÓS... – e ti no medio –
poñemos voz activa
E niso meu...
niso,,, sempre hai beleza.*

*Velaí Pintor...
como así tamén contigo
no noso ser...
repartimos as feridas.*

*E temos armas de voz
E carghamos...
E deixámolo de palabra escrita.*

Velos pois, queremos dicilo, aos nosos *amighos*, que é velos un, a corpus de humanidade, afectivo, de vida e de existir de a cada hora, a Pintor, a María e os dous seus fillos, que indo a golpes inmedibéis de corazóns falantes en clave de moitos afectos, dan pasos amabeis a compasados por Terras do Medio, de Melide e Agolada, e asemade tamén polas mariñas do Morrazo (que segue irredento).

Velos a eles como fan tribu e niño de mornura e vida... a se queren de sentires que non desafinan, os cales mesmo até nos silencios conxugan o verbo amar en tempos perfectos. Velos así a eles na firmeza de seren e como camiñan indo do falar ventoso do mar a ecos de ondas de eternidade ao amoroso militar nas terras acariñadas e bravas do xunco, do xoio, da silbarbeira, da xesta negra, da vimbieira, da uz vermella, da tuía (árbore da vida), da sobreira do sobreiral, etc., que os pousan na matria e na patria e que irmandiños de sentir cantan melodiosas sinceridades afectivas, confesións de amor, a intensidades saborosas de lingua de peito.

Así man a man, a golpe de querer tanto, se vai facendo a rexa actitude compartida desta tribu original (María e Pintor, cos seus fillos) a viviren a medio mundo de aldea e outro medio de mar vilego. Os dous cosidos inseparablemente no facer deles eternidade e memoria.

Falo así neste capítulo (Pintor – O ESCRITOR-) pois a contexto acariñado e amoroso no que vive o noso amigo, no que goza de tanto aprezo, o dos seus máis de achego (que son tres e un mundo máis) tamén logo así mesmo o motiva, axuda, obriga, impulsa e responsabiliza, a que o que el escriba “ *valla á misa*”, polo que así desde onde sente tanto amor, desde onde naceu e tanto goza...el –Pintor – abofé que non escribe de memoria.Basta escoitalo no contar e relatorio duns e doutros, de lugares, sons e brados, padeceres e alegrías...basta iso, tal como así fan outros habitantes de pobos do mundo nas súas culturas, para entender o porque o fai con tanta amabilidade e grande sentimento. Velaí o saber e a Literatura. Todo de vida sen sombras nin dobreces.

Recórdoo ben como el metido a choro emocionado e a acariños docísimos de sentir...cando así fixo o despido dos “ irmáns” extremeños do Sálma aló por aquel setembro de xa van alá uns anos en Valverde. Tamén dicir que de alí saíu unha bandeira nosa feita de noite por mulleres daquel concello para que alborexase á mira de todos na praza pública e así quedase testemuña da nosa identidade. Benzóns ás mans primorasas que a traballaron. Logo a estas seguíronlle outras mans nosas, do Baño, bordadoras, as de Marité, que teceu na tea a fíos de afectos os escudos dos tres concellos extremeños. Velaí a fusión de iguais desde a diferenza. Velaí os efectos de Pintor emocionado, pleno, nacional, verdadeiro galego.

E miralo con María e os seus fillos sempre. E en especial neste caso cando os traballos e reivindicacións pola recuperación popular e restitución dos Pendellos na Golada, ou cando a emoción fonda dos moitos falos de Varela Buxán, ou na Estrada, no Baño en Pontevedra, Outeiro de Rei, Cercio ou na Solaina de Piloño ou...

- *Pintor de tanto e tanto...por tanto...!* – dicimos.

E o seu nome ten o permiso de sentir moi ben gañado... e vale... e circula de marabilla pola Terra, por Galiza... E faino animoso tamén en especial en notas de fonda ledicia a través da vía rápida do Morrazo... e pola de Pontevedra a Lugo dalgún día... a paso pola Agolada, polo de agora indo pola vella...pola da Estrada e Lalín ou As Cruces. Pois como el diría e así lle roubo as palabras...

“ - *Trato de facer algo bonito e saboroso...como melindres da Terra do Medio... Auténtico... De verdade..E para todas e para todos...* ”

E así nesas... de Pintor de primeirísimas... diremos:

- Que é un escritor galego que non leva a literatura no estómago. Nin a escribe ou elabora para ese órgano. Por iso mesmo ten a reputación de traballar a luz de seu con responsabilidade. Un obreiro da literatura de cultura, no seu idioma, que así el escolleu o como acceder aos seus, ao seu público, ás súas lectoras e aos seus lectores. Atendendo sempre a ir pola tarefa participativa e activa de construír creacións feitas literatura de cultura en Lingua Galega.

E en intensidade e facéndoo a método do que el mesmo confesa:

- " Os ben sabidos din que o mellor libro escríbese escoitando".

Pintor non engana e por iso nos confesa:

- " O meu compromiso cos editores é un... e acaba ao entregar o libro . Con vosoutros, as persoas que lle deron materia, as lectoras e os lectores, con vosoutros... non acaba nunca."

Pintor non quere (e fai todo o posíbel para que así non se cumpra) lectores inhibidos, ausentes de referencias críticas, con actitudes estupidamente pasivas. Non gusta de calotes, nin de falsidades. El non quere, como din os veciños portugueses: ***" lectores reducidos a un estado de docilidade indiferente ou de pasmaceira (que por outro lado daría bastante que pensar)"***.

Estamos pois diante dun escritor completo, abondoso de xéneros que integra perfectamente.

- Un escritor do seu tempo... fóra de denominacións de orixes que se establecen entre enxebristas ou metropolitanos (aínda que estes últimos...os metropolitanos... como moito e para ben deles... nós dirémolos.... Vilegos, así mesmo... ao noso ver).

Pintor é un escritor da súa época, membro activo da xeración obrigada á tarefa responsable da normalización do seu (noso) pobo, Galiza. Pobo que arestora (e ben máis que hai uns anos) gardado refén en gaiola dura (pero que aparentemente se vexa libre). Pobo Galego, Galiza, reducido, controlado con toda a idea a unha situación pasiva (si, que non morra, pero que agoníe...). Unha situación pasiva que sufrimos, ben medida, ben tallada, intencionada paso a paso, ben estudada, planificada e provocada desde despachos, mesas de papeis, xantares, " corrillos", congresitos, procesións, etc., invocando liberdades, anunciando agresións, e

así, a disculpa...anunciando que así se fai lexitimamente e democráticamente por representar maioría. E os executores son quen terían (e teñen) outras responsabilidades de goberno que atúan.Primeiro aterrorizar o idioma e así con el a desaparición de calquera mostra de normalización nacional de Galiza (de recuperación).

Velaí xa que logo ao noso escritor, **Xosé Vázquez Pintor**, exercendo nun pobo, o galego, o seu tan amoroso (e de dolor) que como se dixo vive en anormalidade (contrastada) e de momento civilizada... colocado a vocación e militancia. El, pase o que pase, segue normalizando a progreso e constancia, teimoso, na TERRAMAR nosa e múltiple. Faino como galego e principalmente como narrador,poeta, investigador, dramaturgo, xornalista, animador de emocións e de conciencias, militante no pobo (o do galego).

Pintor é un autor de extensa obra literaria ao que lle debemos respecto por ser posuidor de autoritas e nada nos importa recoñecelo. Por iso diante súa descubrámonos. Facémolo en especial por el nos mover os intereses, mediar e orientar, cara á ágora da literatura e fóra das profecías dos desastres, pola contra - como meigo agarimoso- si movernos a todos na esperanza de contínuo, esa... que conleva o propósito de que isto noso, GALIZA, pode ser outra cousa.

A Pintor non lle gusta a literatura complacente en lingua morta, nin cinsenta ou conxelada, pois el ten moito que nos dicir e así ao lermos a súa obra fainos bailar a compás da nosa vida comunal e persoal para que nos sintamos bos danzantes, bos bailadores.

E desas...prodúcese un vento que acciona con intensidade na calma rutinaria, nos silencios resignados, nos adormecementos, no tanto dá, provocando sen violencias, nin sustos indebidos, mangados nada delirantes de abrazos enormes ao substantivo que nos define na substancia do que somos a bicares de identidade nosa arrecendentes a gusto do mellor.

O Pintor (pensando tamén en quen non le e tendo en conta as luces que andan dispersas, as fogueterias e as petarderías) ponnos a cen en estado de receptividade para que fagamos debido uso das nosas facultades de xulgar e de opinar (e decidir para actuar) para sabermos e sentirmos a nosa intelixencia crítica e lectora. Nada de vulgarizacións, nin tópicos.

- **Pobo sempre...**- dirá el.

O noso escritor **de Terramar (de Marterra)** cualifica e non descalifica. Tampouco lle pon valados a ninguén, nin marcos a parcelas. Él comprensivamente paisano abre portas, camiños e lugares, séntate ao lume e bebe contigo, crea pardiñas de certo, cóntache e promove ágoras populares auténticas, para falármonos e asemade para lle falar ao mundo e sempre claro está desde nós en galego como galegas e galegos.

Pintor convive (non cohabita simplemente) na Literatura Galega. Escribe con xenerosidade, sen mentiras, non é un oportunista ao uso, e busca a receptividade da súa obra pola lectura “ *abarcada*”(1), “ *indo aberbo*” (2), atenta e creativa, para construír compartindo desde quen é e desde onde está.

Pintor séntanos na solaina de Quián (ou no seu caso no cuberto) – na Terra - a relampos de luces de sabencia e a arrecendos de mazás temperás para que gustemos da palabra feita literatura de cultura para lectura e de primeira man. Velaí esa súa actividade tan “ *balsada*”(3), tan humana (propia dun humanista galego que ama á humanidade) pola que el se responsabiliza como escritor. Por iso e de maneira significada gusta tamén de nos picar en vea o contaxiar literario de lectores de certo , o “ *vísio*”, a plena liberdade, sen ningunha manipulación indebida nacidas de listas de máis vendidos ou de presións (díganse críticas de folleto) puramente oportunistas (e enténdanse tamén estas para o consumo desaforado de pouco gusto e non como debesen ser consellos e orientacións con sumo gusto para a escolla intelixente). Non é un “*laguaxe falsuborio*” (4).

(***) No latín dos Canteiros:

- (1) preñada.
- (2) despacio
- (3) entregada
- (4) testemuña falsa

IV. PARA REMATE

“...
- *No traballo mando eu...*
- *E agora a fecere exercicios de solo, todos...*
¡ Ao chan...!
...”

Ben se sabe que a literatura non pode ir en función das mercadorías. A literatura ten que pretender ser contido de vida e de pobo, que cambie o mirar e xa que logo ser cultura. O escritor non pode entender a súa obra simplemente como un “ ben cultural”, numérico e contabel, en referencias de mercado, a efectos de mercado.

E niso, por iso e causa, Pintor é un escritor que sabe da súa misión e da súa responsabilidade e por iso pon A PALABRA - FEITA ACCIÓN DE LIBERACIÓN- PARA UN ORDE DIFERENTE.

Velaí pois como estamos diante dun escritor completo con obra cualitativa desde a discreción elegante de militante da liberdade e desde os reversos dos oficialismos e canons (corenta principais ou máis). Nunca acubillado para estar fóra da mira...nunca...

Xosé Vázquez Pintor é un escritor galego emocional. Dos de falando claro. Un creador que cre no futuro do seu pobo (que ao ser de moitos, en equipo, a pobo vivo colectivo, repártese e este non será grande soamente para uns poucos, nin cego... e así mellor). Por iso el bota unha axuda (produce cultura para seguirmos tendo) e conquista feitos amorosos sen moitos ruídos, sen números, nin contas.

Pintor é un galego xeneroso de terra fonda que é dicir de raíz, con carta de navegación, xa que logo de pobo (*e de aldea... e de mar...*), a entender de amor, que por iso escribe a modo, despacio, como a ir doce e demorado por pistas da parcelaria, por camiños e carreiros de a pé,ao mirar dos sobreirais, das pedras señeiras, do florecer das froiteiras, do canto baile das ondas e dos compases harmónicos dos corpos núos a pisar polas areas doces das praias do Morrazo.

Estamos diante (e descubrámonos) dun escritor nada nostálxico pero si melancólico a toda memoria activa. Gusta de ser – no respecto pola liberdade- area de zapato (din que molestar) e non por foder...pero si colocado na presenza da denuncia para chamo de atención e aviso de que aquí neste pobo, Galiza, hai outras cousas que facer, outras necesidades apremiantes. Outras prioridades para restaurar tanto de tanto en especial a dignidade (desde quen somos) que nos abra os camiños de esperanza (que até o mesmo Deus non quere resignación...nin rendidos).

Pintor sabe ben...*que soñar é urxente...*

david otero,

*(**) Este traballo foi feito en xullo mes patrio para o agosto dos nosos mártires de 2009, en Terreboredo de Santo André de Souto da Estrada, na casa de Carme e Manuel de Ameixeiras).*

(*) XOSÉ VÁZQUEZ PINTOR (Melide,1946). Profesor de Ensino Medio.Poeta, novelista, xornalista, ensaísta e investigador, autor de obras de teatro, guinista de TV eRadio.Dinamizador de propostas populares (grupos de teatro ANCORADOIRO, AMIGOS DOS PENDELLOS, e outros colectivos de Galiza). Como poeta ten publicado: TERRA E PAN, NA VERTICAL DA NOITE,NO CORAZÓN MANCADO, BANZADOS. En narrativa: DE IDA E VOLTA, A ENTREGA, LUME DE BIQUEIRA,QUEN FAGA VOAR,A MEMORIA DO BOI, MAR DE BRONCE, PARA DICIR ABRIL. No tocante a ensaio:OS VELLOOS OFÍCIOS, A TRIBO SABE. En xornalismos: PALABRAS DE PAPEL. Teatro: A FRAGA ENCANTADA, A SOMBRA DA MEMORIA. Recibiu en 2007 o Premio Vicente Risco e neste ano de 2008 o Premio María Soliña en Cangas e a Letra E da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG).**